

## O milagre de Nadal

Chove e fai un frío que pela. Entroume auga nos zapatos mollándome os pés e ao meu can Conrad calouno a choiva a través do manto espeluxado. Trememos co frío e arrimámonos a porta dun bar. Cando se abre, chéganos un hálito de calor e tufarada de luras fritidas. Alargo unha man e un parroquiano dáme un anaco do bocadillo. Conrad ten ollos suplicantes e cara de fame, quedo sen bocado outra vez, el traga a manduca nun santiamén. Ábrese de novo a porta.

— Lárgate, tío!

Conrad entendeu a mensaxe, bótannos fóra da porta, camiñamos de vagar. Co crepúsculo chega a neve, cacheo o peto e atopo calderilla. Antes de mercar a cea meterei papeis nos zapatos, teño os pes conxelados. A auga da neve entra a través das solas estragadas polo uso, mentres o fago, séntome nun banco da Praza de Vigo e penso: divorciado, sen casa, sen muller, cun fillo que estuda na Universidade...moita merda, o xuíz considerou xusto deixarlle a ela a casa feliz na compañía dun químico.

Ergámonos e imos mercar un bocadillo de chope. Sóbrame algo de diñeiro para a cea do Nadal e na tenda déronme sobras para Conrad. Voltamos de novo ao banco para xantar cómodos. Cando lle vou dar un bocado, xurde da nada un gato. Ao meu can, os pelos do manto quédanlle revirichados:

—Chis Conrad! Ti xa comiche!

Xa non abro a boca, os ollos do gato son roxos como dous rubís. Ante a visión daquel gato agoreiro que mira fixamente a comida, tremo e doulla. Só come o chope. Será cabrón! estragou o pan. Está claro que teño mala sorte. As pegadas do gato desaparecen debaixo das folerpas da neve caendo mansiñas. É Nadal, na Cociña Económica daranme de xantar. Érgome, Conrad fedella co fociño na neve: trae algo entre os dentes, abro a boca abraiado pola sorpresa.

—Non me amoles! Qué traes aquí, carallo? ...Uns pendentos?

Estudei Xeoloxía, observo as pedras, son rubís de Birmania, variedade do corindón cortados en forma convexa. Vese unha estrela de seis puntas no interior da pedra. Terán un valor de.... Miro cara o ceo:

—Non precisaba tanto, oh! chegábame atopar só uns uros. Sabes, Conrad, vou chimpas estas xoias outra vez á neve. Pódennos traer problemas, non si? As leis son de espolio, nunca son de apoio si sego sen atopar traballo. A verdade e que me fixen mendigo, pero non son maleante. quen crerá que os ollos dun gato por mor do Nadal convertéronse en rubís?

Chegan un home e unha muller traxeados mirando ao redor. Gardo no peto aquel tesouro. Cun bolígrafo escarvan remexendo a neve. Chíscolle un ollo e Conrad acomódase. Non temos presa, non teño reloxo. Canso de esperar preguntolles:

—Buscan isto?— móstrolle os pendentos.

—Deus, grazas!!! Son meus—di a muller sorrindo.

Contéstolle, circunspecto:

—Atopeinos, non os roubei. Estudei Dereito e sei que polos tesouros arqueolóxicos que se atopan hai unha recompensa. Ben puideran...

O home saca da carteira 50€. Miro cara o Ceo. Deus, grazas! A dona abre o bolso, dáme unha tarxeta e un cheque. O gardo no peto. Tampouco teño gafas.

—Chámome Loreto Sierra & Sierra, químico mineralóxico. É Noiteboa, estou comprometida, pero poren mañá, Nadal poden vostede e o seu can xantar comigo?

Vótolle una ollada cara Conrad — Aceptamos?

Guau! Guau! Guau!

Devólvolle os pendentos que non me pertencen.

O Conrad e mais eu xantaremos un par de bocadillos de luras fritidas e unha cervexa da Estrella de Galicia. Xa temos tamén arranxo para cear en Noiteboa, Fin de Año...parece increíble que sexa por *mor* dun gato... anxo?